

AER TACHA DE DESPILFARRO O EXCESO DE GASTO NO ENTROIDO DE VERÁN



Denuncia o abandono do goberno local de eventos de gran valor cultural como a representación da Batalla de Rande

A Agrupación de Electores de Redondela, despois da realización no pasado mes de agosto dunha nova edición do Entroido de verán, leva semanas facendo seguimento das facturas e dos gastos dos que vai tendo constancia en referencia a este evento. Como o goberno local traballa sen ningún tipo de planificación económica ao respecto, ou sexa, non existe orzamento previo do custe do Entroido de verán, o labor para poder coñecer o gasto total e real do Entroido do verán é unha tarefa ardua e complexa para os grupos da oposición. Como noutros casos, a transparencia en canto gastos en eventos é moi escasa.

<i>Subministración de pantalla dixital e diverso mobiliario (xeradores, camerinos, vallas) para o carnaval de verán 2017</i>	10.224,50
<i>ACTUACION DE GEORGIE DANN NO ENTROIDO VERÁN 2017</i>	21.659,00
<i>Subministración e instalación dun escenario móbil, así como os servizos de son e iluminación para concerto do artista Georgie Dann no Entroido de Verán 2017</i>	14.713,60
<i>Limpeza e retirada de lixo das rúas do Centro de Redondela despois da celebración do Carnaval de Verán</i>	3.049,20
<i>Presentador Gala Drag Queens, 2 bailarinas, 2 bandas gañadoras, 1 centro primeiro posto para o Entroido de Verán</i>	1.694,00
<i>Actuación de Broken Peach, show consistente nunha hora, actuación musical para o Entroido de Verán</i>	1.452,00
<i>Visual y publicidad Estudio. Carteis informativos, lonas acreditacións, cheques gala entroido, facebook, video, rolda de prensa.</i>	1.210,00
<i>XEALCO S.L. Alquiler de vallas e pes de formigon varios e portes 2017/N/ /3381A/20800/ para Entroido de Verán</i>	762,30
<i>MARIA LORENA LOPEZ FERNANDEZ Coordinación patrocinadores,colaboradores e espectáculo recinto ferial no Entroido de Verán Redondela 2017.</i>	3.726,80
<i>AMBULANCIAS DEL ATLANTICO S.L Ambulancia con permanencia soporte para Carnaval de Verán 2017</i>	1.600,00
<i>VIGO MULTIMEDIA S.U. Contratación de de DJ'S para Carnaval de Verán o 19 de agosto. Rodri Vegas - DJ'S Beat e Borja Rúa.</i>	1.210,00
<i>ALGECO VIGO CONSTR. MODULARES, S.L. Forfait (Alquiler o. inmoviliado material - Festas-festexo)</i>	3.351,80
<i>ALGECO VIGO CONSTR. MODEULARES, S.L. (Alquiler de 22 aseos químicos Carnaval Verán)</i>	3.726,80
<i>Actividade deportiva no Carnaval de Verán</i>	363,00
<i>Horas extras</i>	13.562,54
<i>TOTAL provisional a 11/10/2017</i>	82.726,80

A 11 de outubro de 2017 atopámonos que a conta do gasto que AER puido constatar ascende a unha cantidade de OITENTA E DOUS MIL SETECENTOS VINTE E SEIS EUROS, e aínda faltan facturas por computar. Deste xeito a Agrupación de Electores constata

como o goberno local, co seu especial concepto de cultura de calidade e de festexos descontrolados, destinou importantes recursos a un modelo de actividades de ocio que cada ano provoca máis inconvenientes á veciñanza de Redondela e que non obstante, para nada aumentou en calidade e racionalización dos problemas que foron xurdindo en pasadas edicións como é o botellón descontrolado na Alameda de Redondela.

Se este gasto se compara con diversas partidas de servizos sociais do ano pasado, a situación toma carices de grave preocupación:

CONCEPTO	CUANTÍA (€)
<i>Comedor escolar</i>	13.272,53
<i>AEECC</i>	3.000,00
<i>LENDA</i>	11.000,00
<i>CÁRITAS</i>	15.000,00
<i>Conv. Solid. Intern,</i>	1.982,72
<i>Hnos pobres Teis</i>	3.000,00
<i>Emerxencia Social</i>	22.921,54
<i>Andaina</i>	4.000,00
<i>Pobo Saharaui</i>	4.450,00
<i>Da Man</i>	3.000,00
<i>Drogodependentes</i>	1.666,53
<i>Xantar na Casa</i>	6.184,01
<i>Subvencións</i>	8.261,95
TOTAL	97.739,28

Así, xa só en axudas a entidades sociais, a cantidade foi de 45.432,72€, e en Emerxencia Social no ano 2016 gastáronse por outra banda 22.921,54€. Con parte do gasto do Entroido de Verán pódense reforzar estas axudas e parte das necesidades de servizos sociais, xa sexan os cursos de alfabetización, emerxencia social, axudas ás ANPAS ou cumprir coa lexislación actual en canto á eliminación de barreiras. En cultura daría para reforzar as axudas a entidades, a constitución de locais compartidos de asociacións en Redondela e en Chapela, ou en reforzar actividades e propostas de calidade no que respecta á escasa programación cultural do Concello nas parroquias.

Unha destas actividades prexudicada pola irresponsabilidade do goberno local é a representación da Batalla de Rande, que en vindeiros días vai celebrarse no entorno do Museo Meirande. O Concello de Redondela viña coorganizando este evento cultural nos últimos anos, pero este ano a estas alturas non hai recursos económicos para poder asumir este gasto e nin tan sequera o tiñan planificado. Por outra banda, o goberno local culpa á oposición por non admitir ás súas modificacións de crédito tentando mover recursos para salvar a súa mala xestión e os gastos excesivos en determinadas programacións. Cos cartos do Entroido de Verán estarían cubertos os eventos culturais ou diversas necesidades doutra índole no último cuatrimestre do ano. Un goberno irresponsable que actúa sen planificación e dando golpes ás escuras.

Redondela, 11 de outubro de 2017